




L a n z o d a s I m a x e s

Relato de cómo a cruz xuntou aos curas e as lampreas do noso Miño

SINOPSE | LANZO DAS IMAXES

“Na fronteira que usa o río como división, onde o Miño se parte en dous, identificados como “Portugal” e “Galicia”, hai unha tradición que teima en non ignorar ao outro lado. O Lanzo da Cruz é unha romería que celebra o hábito medieval de recompensar aos curas polo traballo de bendeciren os barcos, as redes e o propio río con os peixes collidos ao longo desa mesma bendición. Na curva do Miño onde se sitúa o Torrón, barrio de Sobrada, parroquia de Tomiño, e Cristelo, freguesia de Valença, existe o único Lanzo da Cruz onde a tradición se realiza de forma transfronteiriza, atravesando a poboación en barcos para bailar e confratenizar na outra banda. Se isto existe é porque existe a xente que ao longo dos tempos o mantivo, por diversos motivos: tradición, orgullo, cultura, festa, amor ao río, entre outros. No noso oficio de amor ao cinema o negocio non é moi distinto. Tamén nós necesitamos de bendición para a grande colleita das imaxes e todo o que temos para dar en troca é... esa mesma colleita! Quen dá o que ten a mais non é agradecido. Estamos todos metidos no mesmo: un inmenso documental sobre o rumor da vida e a necesidade de a preservar”



TÍTULO

Lanzo das Imaxes

“Relato de cómo a cruz xuntou aos curas e as lampreas do noso Miño”

DIRECCIÓN

André Martins

PRODUCCIÓN

Natalia Jorge

GUIÓN

André Martins / Natalia Jorge

ANO

2011

DURACIÓN

50 minutos

LOCAIS DE GRABACIÓNS

Diferentes puntos da parroquia de Sobrada e en particular do Torrón (dende A Gándara ata Escampados pasando por propiedades privadas dos entrevistados); Cristelo (Valença); comercio en Tomiño; paisaxes do río en Goián; porto de Amorín.

ENTREVISTADOS

Membros da Comisión de Festas do Lanzo da Cruz (José Cabaleiro; Miguel Diz Álvarez; Damián Fernández Ordóñez; Esperanza Rodríguez Bouzas; Isabel; Daniel Correa), membros da Asociación de Lanzo do Cruz (Emilia Acuña); María Rodríguez Porto; as irmáns Mucha, Nati, Dita e Lola Mariño Estévez ; párroco José Rodríguez Ubeira ; Esteban Pintos e Matilde Martínez Teixeira; Javier Cabaleiro e Óscar Mariño Pérez; Narciso Álvarez Gómez; Emérita Rodríguez Solleiro.

ESTREO

22 de outubro do 2011

PÚBLICO

Veciños da parroquia de Sobrada, do municipio de Tomiño, do municipio de Vila Nova de Cerveira, e público xeral alieo a romería.

OBSERVACIÓNS

- Lexendaxe en inglés
- Edición de 1.000 copias dvd.
- Filmaxe en alta definición.

OBXECTIVOS E DESTINO DO LANZO

¿Que é o Lanzo das Imaxes?

O Lanzo das imaxes é un relato no cal as imaxes e, en concreto as imaxes do lanzo e do Torrón, son as protagonistas.

Realmente a historia deste documental é un simil entre a romería e o traballo da equipa de filmaxen. Un simil no sentido de que se repiten en ambos os elementos que caracterizan o lanzo. É dicir, no Lanzo hai unha beizón por parte do párroco aos barcos para que teñan boa pesca; a equipa de filmaxen pola súa parte tamén é bendecida, o párroco bendice as cámaras de grabación para que teñan sorte na filmaxen.

O mesmo acontece co pago ao cura. Na romería entrégaselle unha lamprea ao pai, e no lanzo das imaxes ofréceselle o filme rematado. É polo tanto un xogo de símbolos entre unha acción real que é o Lanzo da Cruz e que ten un carácter documentalista, e unha referencia ficticia que é a parte na que interveñen as propias persoas que están a filmar.

¿A qué público vai dirixido?

Con este formato, dende a equipa do Lanzo das Imaxes, estamos convencidos que podemos chegar non só a un público que demanda documentais ou reportaxes de índole antropolóxica, senón que nos podemos estender a un público moito máis amplo.

Sobretudo a espectadores que sen coñecero Lanzo da Cruz sen ter ningún interese na romería sí poidan percibir a súa significación e adentrarse no seu imaxinario. Para elo se engadiu todas a secuencia relativa a reflexión sobre



os elementos relixiosos actuais nos que non reparamos habitualmente como poden ser as figuras de San Pancracio, San Cristóbal ou crucifixos nas habitacións.

Pero tamén poden facer seu o filme pola afinidade ao río ou mesmo a lamprea. Ou se cabe é o sentido de ficción, coa introducción como actores ao equipo de filmaxen, o que lles provoca unha reacción receptiva de cara o filme. Todos estes puntos de conexión son os que permiten chegar ao contido do documental que é a romería.

Obxectivos

Este é o obxectivo primordial: achegar

ao máximo posible de público o documental para deste xeito difundir tanto a romería do Lanzo da Cruz como a propia poboación do Torrón os cales son sen dúbida os verdadeiros protagonistas.

Son os veciños e as veciñas as que constitúen e fan posible o tema central do filme que é o lanzo. Sen o Torrón o lanzo non existiría, non tería fundamento, é polo tanto unha parella entrelazada no cal cada conxugue aporta un contido.

As xentes do Torrón son a realidade, a actualidade e o lanzo é o imaxinario, a sensibilidade, a historia.

A importancia do Lanzo da Cruz

É que o lanzo permite reconstruír e definir a historia do Torrón. O Lanzo da Cruz é dende época lonxana un punto de encontro anual do vecindario. É a homenaxe ao noso ben máis preciado que é o río. Este é sen dúbida a maior riqueza do Torrón e o que define as súas xentes.

Podemos dicir que hai unha adicación ao río. Porque a súa beira é onde estaban os mellores campos, a riqueza da nosa agricultura. En torno a súa beira se xuntaban os veciños e veciñas xa dende nenos. A onde el se ía pola mañán ben cedo e regresábase a noite. Del proviña ese ingreso extra tan necesario para as maltreitas economías campesiñas, el daba o peixe. Se tiveramos que prescindir no Torrón do noso tramo de río, a historia do noso pobo sería diferente, xa por comenza, non existiría o Lanzo da Cruz. Pero tivemos e temos río e a nosa historia é a que é, e é máis temos o mellor símbolo da importancia e da adoración ao río, temos a súa festa, o lanzo. Por todas

estas cousas, quixemos contar esta historia para que outras xentes saiban que existe un lugar chamado Torrón e que alí se fai o Lanzo da Cruz.



LANZO DA CRUZ

1.-Introducción

O Lanzo da Cruz é unha romería que se celebra no barrio de Torrón (Sobrada-Tomiño) o luns de Pascoa. A romería consiste en bendecir o río para que a pesca sexa propicia. En torno a este ritual se desenvolve toda unha serie de tradicións que na antigüidade eran comúns para todas as parroquias bañadas polo río Miño pero que na actualidade solo se conserva no Torrón. Ademais é aquí onde a romería se torna máis rica e se diferencia das que se facían antigamente noutras parroquias. Esa diferenza radica no feito de que no caso do Torrón hai un intercambio de párrocos. É dicir, o parroco galego acompañado de veciños/as acude a beira portuguesa que é Cristelo e o párroco portugués acude a beira galega. Ambos curas levan a cruz que é coa que bendicen o río e lle dan a bicar a xente que se congregan en ambas beiras. En torno a estes dous elementos centrais xorden fenómenos complementarios que enriquecen todavía máis a romería. Nos referimos a : desfile de chimpíns para achegarse ao río, desfile de barcos que cruzan constantemente o río para trasladar a xente,

2.-Contexto

Históricamente podemos buscar as orixes do lanzo da cruz nos vellos lances de cruz. Os lances eran rituais de bendición dos barcos por parte do párroco para que estes tiveran boa pesca. A cambio da beizón os pescadores ofrecían unha lamprea ao párroco que consituía polo tanto o seu pago. Deste xeito en torno a pesca se organizaba un ritual relixioso-supersticioso que aglutina unha serie de elementos definidores que o identifican coa comarca do Baixo Miño.

Para relatar esta historia nos remontamos a era romana da comarca da cal temos testemuñas escritas de que xa tiña presenza o río e concretamente a lamprea na gastronomía dos habitantes baixomiñotos. O escritor goianés Eliseo Alonso recolle informacións que falan de que os romanos conservaban as lampreas en viveiros e que xa constituía un plato importante na dieta da época. Este escritor, neste senso tamén aporta

un dato curioso que serve de anécdota e é que parece ser que había un famoso viveiro propiedade de Cayo Hirtius que decían que tiña lampreas amaestradas. Ahí queda este conto. Pero onde temos máis restos da súa pegada é no nome dos pescos así temos a “pesqueira dos romanos” en Arantei (Salvaterra do Miño).

Máis documentada temos a impronta do río nas poboacións ribereñas na época medieval. Destes séculos atopamos contratos de foros, concesión de regalías ou mesmo pleitos os cales eran abundantes. Para facernos unha idea compre saber que o río estaba acotado en foros e regalías nos cales a igrexa, ou ben o cabildo catedralicio ou ben o mosteiro ou ben a casa nobiliaria, arrendaba a explotación do río aos pescadores, de xeito que o usufructo estaba suxeito a un canon. Por exemplo temos constancia escrita de que no século XV o cabildo de Tui arrendaba o seu porto para as pesquerías de sábalos e gozaba da regalía do primeiro salmón que se pescaba.

Pero en torno ao río vanse producir centos de controversias. Os seus dereitos de pesca estarán frecuentemente en disputa sobre todo ao longo da Idade Moderna e do S.XIX. Citamos aquí un pleito que incumbiu a parroquia de Sobrada. A controversia xurdiu da posta en tela de xuicio o dereito dos veciños de Piñeiro a usaren o porto situado na ribeira de Sobrada. É o pleito por pescar en Portoladrón que o datamos no 1724. Os pescadores de Sobrada mostrábanse contrarios a ceder o seu uso aos veciños de Piñeiro alegando que nunca tiveran barcos nin redes no río. Ante a tentativa de pescar en contra da súa vontade, os veciños de Sobrada cortáronlles as cordas das redes sen deixalos abordar a terra. O pleito salvouse co fallo a favor de Sobrada.

O ano de 1864 é un ano importante para os traballadores do río, é a data na que se asina o Tratado de Límites entre España e Portugal. Este é o tratado vixente na actualidade e polo que se rixen os pescadores do río Miño.

Na actualidade semella que os pescadores das diferentes parroquias galegas e portuguesas mostran máis calma e a día de hoxe están organizados baixo unha única asociación que dá cabida a ambas marxes.

Esta enumeración de datos o que denota é que o río non constituía un espacio secundario senón principal para as poboacións ribereñas. Producíase o que Eliseo Alonso definía como “una tangente entre el arado y la barcapesquera. La red y la “leira” confunden la cosecha del río con la cosecha de tierra.” (Alonso, Eliseo: Los ríos de Pontevedra, ed. Federación Española de Pesca y Actividades Acuáticas, nº13, 1966,) . Podemos falar de binomio campo-río os cales aportaban ingresos e medios diferentes e complementarios.

O río aportaba diferentes especies, das cales eran as máis salientables en primeiro lugar e por importancia o sábalo, logo a lamprea e o salmón e finalmente o meixón. O sábalo na actualidade está fortemente diezmado así como o meixón aínda que deste último todavía se pescan importantes cantidades. Pero é a lamprea a día de hoxe a protagonista do río Miño pola súa representividade de exemplares e pola impronta na gastronomía da zona.

A lamprea (*Petromyzon marinus* L.) é segundo Eliseo Alonso “el más primitivo y rudimentario habitante de nuestra fauna fluvial, constituyendo su cartilago una especie de eslabón arcaico entre los vertebrados y los protovertebrados” (Alonso, Eliseo: Los Pescadores del río Miño (Tramo gallego-portugués), ed. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1989.)

A lamprea vive no mar pero de decembro ata xuño remonta o río para desovar nos pedregais do fondo. Pode por ata 235.000 ovos. É o peixe sobre o que se practican máis artes de pesca xa que é redada (lampreeira, cabaceira e biturón), arponeada (fisga) e trampeada (pesqueiras). É segundo a denominación de Eliseo Alonso o único peixe que ten tratamento de señora, o único que ten dignidade de matrona romana, é a “señora lamprea”.

Así como é variable o modo de pescala segundo o tramo do río no que estemos, o seu cociñar sofre variacións. Na zona que comprende de Salvaterra cara arriba é máis frecuente que se seque ou afume abríndose como o bacallao. De Salvaterra cara abaixo é máis a miúdo cociñala no seu sangue.

A lamprea é o animal ofrecido ao pai nos lances de

cruz, é o pago ao párroco pola bendición dos barcos. Resulta curioso que un peixe tan parecido ao animal maldito por autonomasia (a serpe) acabe sendo unha especie sacra na Pascua.

Os lances de cruz podemos datalos dende época altomedieval. Para elo nos basamos en documentos forais nos que se regulaba a entrega de lampreas a Igrexa. O máis probable é que a súa orixe derive dalgún culto hídrico.

Os lances e rituais relixiosos respecto ao río eran frecuentes, así temos por exemplo que se ofrecían lances a San Bartolomé de As Eiras ou que os pescadores de Seixas saían pescar para San Bento.

No Torrón o lance une dous elementos como son a cruz e a lamprea. A cruz pola representividade que ten na Pascoa. É durante este periodo de penitencia cando maior é a devoción cara a cruz. Esta representa a salvación e isto conecta perfectamente co universo relixioso dos pescadores-campesiños do rural baixo miñoto. De feito antigamente os pescadores pintaban unha cruz nas súas barcas.

En resumo, o Lanzo da Cruz é a manifestación visible da importante pegada na cultura rural dos agricultores-pescadores baixomiñotos. É a romería que mestura superstición, relixiosidade e festa. É cecais unha homenaxe ao río.

Os lances ao longo do século XX foron desaparecendo das nosas parroquias ribeireñas, conservándose na actualidade tan só en Torrón e Cristelo. Ademáis este lanzo é transfronteirizo, un elemento particular engadido. Pero o lanzo nestas parroquias estivo ausente durante varias décadas ata que nos anos 80' un grupo de mozos do barrio tomaron conciencia da importancia que tiña aquel vello ritual na vida dos seus avós e decidiron recuperala. Dende ese momento tódolos luns de Pascoa os veciños e veciñas de Torrón baixan ao río acompañados do párroco para bendecilo, para cruzar a Cristelo e para darlle unha lamprea ao cura en sinal de pagamento.



Acompañamos a Comisión de Festas no seu percorrido pola parroquia



Puxémoslle música a tradición con Esteban Pintos



Entrevistamos a veciños e veciñas profundamente ligados co Lanzo da Cruz



Fomos testemuñas do gran desfile de monocultores



Anécdotas, espontaneidade, pequenas cousas coas que nos maravillamos e coas que rimos a esgalla



E a cruz fixo o milagre dado o río a lamprea